

**ANEXO IV**
**Requisitos de comunicación do financiamento público**



Responsabilidade da persoa beneficiaria.

Ao tratarse de subvencións cofinanciadas con fondos estruturais da Unión Europea, en relación coa publicidade do financiamento, de conformidade co previsto nos artigos 47, 50 e Anexo IX do Regulamento (UE) 2021/1060 do Parlamento Europeo e do Consello, do 24 de xuño, a persoa beneficiaria, durante a execución do proxecto, recoñecerá a axuda dos fondos europeos, a través do Feder, e para iso:

a) No seu sitio web oficial, cando o dito sitio web exista, e nas súas contas nas redes sociais fará unha breve descrición da operación, de xeito proporcionado en relación co nivel de axuda, cos seus obxectivos e resultados, destacando a axuda financeira da Unión Europea.

Para cumprir con este requisito pode utilizarse a seguinte imaxe:

[https://www.igape.gal/images/01-pemes-autonomos/01-02-consolidacion/Cartel\\_publicidade\\_web\\_Re-acciona.pdf](https://www.igape.gal/images/01-pemes-autonomos/01-02-consolidacion/Cartel_publicidade_web_Re-acciona.pdf)



## Esta entidade foi beneficiaria da convocatoria de axudas a servizos modulares de asesoramento especializado a empresas galegas prestados por entidades colaboradoras



O obxectivo principal destas axudas é o reforzo do crecemento sustentable e a competitividade das pemes e a creación de emprego nestas, tamén mediante investimentos produtivos.


O resultado que se pretende acadar é a posta en marcha dun programa de servizos a pemes que, a través de empresas colaboradoras, permita ás pemes executar proxectos de mellora en distintos ámbitos relacionados co seu desenvolvemento estratéxico, profesionalización e innovación.



b) Nos documentos e materiais de comunicación destinados ao público e relacionados coa execución da actuación, proporcionará unha declaración que destaque a axuda da Unión Europea de xeito visible.

O formato que se deberá utilizar é o seguinte:


*PROXECTO COFINANCIADO POLA UNIÓN EUROPEA*



c) A persoa beneficiaria, exhibirá nun lugar ben visible para o público polo menos un cartel de tamaño mínimo A3 ou unha pantalla electrónica equivalente con información sobre a actuación onde se destaque a axuda dos fondos europeos; nos casos en que a persoa beneficiaria sexa unha persoa física, asegurará, na medida do posible, a dispoñibilidade de información axeitada onde se destaque a axuda dos fondos europeos, nun lugar visible para o público ou mediante unha pantalla electrónica.

O formato que se deberá utilizar é o seguinte:

[https://www.igape.gal/images/01-pemes-autonomos/01-02-consolidacion/Cartel\\_fisico\\_Re-acciona.pdf](https://www.igape.gal/images/01-pemes-autonomos/01-02-consolidacion/Cartel_fisico_Re-acciona.pdf)



## **Axudas a servizos modulares de asesoramento especializado a empresas galegas prestados por entidades colaboradoras**



O obxectivo principal destas axudas é o reforzo do crecemento sustentable e a competitividade das pemes e a creación de emprego nestas, tamén mediante investimentos produtivos.

O resultado que se pretende acadar é a posta en marcha dun programa de servizos a pemes que, a través de empresas colaboradoras, permita ás pemes executar proxectos de mellora en distintos ámbitos relacionados co seu desenvolvemento estratéxico, profesionalización e innovación.



Cando varias actuacións teñan lugar no mesmo emprazamento só é preciso colocar unha placa ou cartel.

Durante o período de obrigatoriedade de conservación da documentación, a persoa beneficiaria deberá conservar, preferentemente en formato dixital, unha copia de todos os materiais de comunicación e publicidade que elabore no marco da actuación. Este material deberá ser posto a disposición do Organismo Intermedio ou das institucións da Unión Europea, se así llo solicitan.

A persoa beneficiaria deberá respectar, en todo momento, as orientacións recollidas no documento “Uso do emblema europeo no contexto dos Programas da UE 2021-2027” ([https://commission.europa.eu/system/files/2021-05/eu-emblem-rules\\_es.pdf](https://commission.europa.eu/system/files/2021-05/eu-emblem-rules_es.pdf)) e as características técnicas descritas no Anexo IX do Regulamento (UE) 2021/1060.

